



Quen sementa recolle

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

CURSO 2016-17

CEIP DE LEIRADO

(Salvaterra de Miño)

INTRODUCCIÓN

O edificio da nosa escola ten moitas xardineiras adosadas nas paredes exteriores que conteñen plantas ornamentais. Ocasionalmente algún grupo planta nelas ou realiza alguna experiencia con plantas, pero nunca nos plantexamos artellar un proxecto arredor dese tema.

A idea xurdiu nos primeiros días de curso: unha patrulla do exército estaba establecida no noso pavillón porque durante o verán realizaron tarefas de prevención de incendios. Ante a curiosidade do alumnado, pedímoslles que explicaran aos nenos e nenas o seu traballo alí. Moi amablemente accederon e realizaron unha sesión informativa na Biblioteca sobre a problemática dos incendios e as súas consecuencias para o medio, e como desenvolvían o seu traballo.

Despois desta actividade que espertou interese no alumnado, propuxémoslles aprender sobre o mundo vexetal e a súa importancia, e a mellor maneira de facelo era plantando. Optamos por converternos en horticultores para aprender moito sobre plantas, o seu coidado e a súa importancia para a vida no planeta. Utilizaríamos os terreos das xardineiras da escola.

A agricultura sustentable é unha temática de actualidade e cunha relevancia social importante, consideramos que aprender e difundir coñecemento sobre ela tamén é necesario no rural pois existen moitas hortas familiares.

Participamos neste proxecto todo o profesorado e alumnado e desenvolveuse durante todo o curso escolar.

Para comezar establecemos os seguintes **obxectivos**:

- Fomentar o respecto pola terra e o solo, como fonte de vida e sustento da nosa alimentación.
- Desenvolver responsabilidade no uso de técnicas de agricultura sustentable, respetuosas co medio.
- Coñecer a cultura agrícola tradicional da zona.
- Coñecer e analizar o medio natural: solo e seres vivos que o habitan.
- Coñecer o ciclo vital das plantas.


- Ampliar os coñecementos sobre as distintas clases de plantas e froitos.
- Iniciarse no método científico a través da investigación e experimentación.
- Fomentar hábitos de alimentación saudables.
- Desenvolver espírito de compromiso e cooperación.

E relacionámolo coas **competencias clave**:

- **Comunicación lingüística**, a través da lectura de textos de diversa tipoloxía, da busca de información e comunicación da mesma en diversos formatos e utilizando tanto a linguaxe escrita como a oral.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, mediante a realización de cálculos, conteos, medicións e observacións, e elaboración e interpretación de táboas de datos.
- **Competencia dixital**, utilizando internet para a busca de información e difundindo as súas producións nun blog creado para o proxecto.
- **Aprender a aprender**, seguindo os pasos do método científico.
- **Competencias sociais e cívicas**, colaborando coas familias, visitando lugares de interese e cooperando nas tarefas.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**, aportando ideas e levándoas a cabo.
- **Conciencia e expresións culturais**, valorando e coñecendo o patrimonio cultural da zona en relación coa agricultura e realizando creación artísticas na ambientación do proxecto.

OBXECTO E TEMÁTICA PROPOSTA

Co título “**Quen sementa recolle**” esta proposta de horta escolar abarca todo o relacionado co solo, a biodiversidade necesaria, a vida vexetal, a nosa responsabilidade co medio natural e a agricultura. Organizámola en tres bloques de actuación:



DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO DA PROPOSTA

Planificamos o proxecto en reunións conxuntas dos equipos docentes e coordinación dende a Biblioteca. Incluído na Programación Xeral Anual, abarca obxectivos da Biblioteca, do EDLG, do equipo TIC, de Actividades Complementarias, ademais de integrarse no currículo dos diferentes niveis.

Deseñamos tarefas integradas e actividades que distribuimos ao longo do curso:

1º. Necesitamos saber, preparar o terreo e recolleitar sementes.

2º. Realización dos sementeiros en interior, coidados, seguimento e transplante.

3º Coidados da horta. Redacción da revista e da exposición con visita guiada.

1º trimestre : Preparámonos para cultivar	
4º, 5º e 6º de Primaria	<u>Elaboración de compost</u> Busca de información sobre o solo fértil e as súas características, e sobre a compostaxe. Elaboración dun texto instrutivo sobre a elaboración do compost. Supervisión diaria do composteiro e toma de datos. Comunicación de información ao alumnado dos demais niveis.
E. Infantil 1º, 2º e 3º de Primaria	<u>Recollida, observación, selección e clasificación de sementes</u> Recollida de información e realización de textos expositivos e descritivos Comunicación ao resto do alumnado
Todos	<u>Realización dun experimento con plantas.</u> Comunicación do mesmo.
Todos (EDLG)	Recollida nas familias de usos e costumes relacionados coa horticultura e redacción da información.
Todos (Biblioteca)	Lectura de “As fabas máxicas” e actividades a partir do mesmo (Día da Biblioteca)
Todos (TIC)	Uso do blog para comunicación dos contidos (o alumnado a partires de 3ºP)
Todos (Complementarias)	Ambientación da escola

2º trimestre: A cultivar	
Todos	<u>Realización de sementeiros</u> Busca de información: na rede, nos libros, nas explicacións de familias colaboradoras. Sementar Coidar os sementeiros, observar e recoller datos. Redactar textos expositivos
Todos (EDLG)	Recollida de refráns relacionados coa agricultura
Todos (Biblioteca)	“Hoxe contamos”, polo Día da Paz: “O horto de Lino”
Todos (TIC)	Uso do blog e outras ferramentas TIC para comunicación de contidos
Todos (Complementarias)	<u>Realización dos disfraces polo Entroido (Biodiversidade na horta)</u> e saídas didácticas(CIFP A Granxa e Fundación Sales)
6º	Reparto de parcelas para o transplante

3º trimestre: Coidado da horta e difusión	
Todos	<u>Coidados da nosa parcela</u> Busca de información sobre as características e necesidades das plantas que plantamos. Observación do crecemento e recollida de datos Informarse para buscar solución aos problemas que xurdan (pragas, herbas, etc.)
Todos (EDLG e Biblioteca)	<u>Edición especial monográfica da nosa revista escolar “Agromar”</u> , cos traballos das aulas (temas a repartir)
Todos (TIC)	Uso do blog para comunicación dos contidos
Todos (Complementarias)	<u>Organización dunha exposición</u> , para toda a comunidade educativa.

A partir desta programación básica o profesorado seleccionou estándares avaliábeis dos diferentes niveis de E. Infantil e Primaria, relacionados con tarefas a realizar e abarcando diferentes materias, actividade do noso Plan de Formación do Profesorado.

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
Dicir o que coñecemos sobre a evolución da agricultura ao longo da historia.	Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación: diálogos e exposicións orais.	Exprésase ideas, pensamentos, opinión, sentimentos e emocións con claridade.	
Buscar información, tomar de notas e elaborar resúmenes.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Identifica as palabras clave dun texto	Realiza o resumo dun texto sinxelo.
Decidir a información, en grupos de cooperativo, do apartado que van facer dentro do artigo.	Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía no ámbito escolar e social.	Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	Redacta o texto e revisa para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.
Elaborar o artigo	Crea diferentes tipos de textos segundo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero	Escrebe e presenta textos propios elaborando borradores.	Elabora, en diferentes soporte, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos.
Deseñar unha liña do tempo.	Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.		

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
1. Busca de información, toma de notas e elaboración de resúmenes sobre o solo.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	CSB1.1.1 Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
2. Elaboración dun cartel con instrucións sobre a compostaxe.	LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	EPB1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.
3. Consulta de catálogos da ferretería e selección do que temos que comprar, cálculo do prezo total. Elaboración dunha factura.	MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.	MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.
4. Elaboración dunha presentación dixital para contalo aos nenos e nenas de Infantil.	LGB3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	LGB3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.	CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.
5. Exposición oral	LGB1.6.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	LGB1.8.1. Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.	LGB1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
6. Publicación dunha entrada no blog do proxecto.	CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	LGB3.7 medio de obtención	

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
Busca de información sobre as sementes e como colleitalas.	Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.	Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos cunha actitude observadora, o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio	Relaciona as explicacións da persoa docente con experiencias concretas súas. Solicita que lle lean para obter información
Recollida de sementes para o secado	Descobre aspectos novos a través das súas observacións.	Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.	Presenta una boa motricidade fina
Clasificación das sementes	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo	Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.	. Agrupa os obxectos por semellanzas
Realización dun experimento	A observación lévaa a formular interrogantes e a buscar explicacións. Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigación que se fan na aula. Formula hipóteses e contrástaas coas das outras persoas antes de pasar á realización	Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións.	Identifica algunha característica e función vital dos seres vivos. Extrae conclusións. Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal e xestual.
Exposición de forma oral aos compañeiros das outras clases	Manifesta interese por comunicarse con outras persoas	Manten unha actitude de escoita e respecto cara as demais persoas. Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.	Expresase con frases correctas e ben terminadas Recorda feitos e situacións vividas na clase e participa na súa narración,

ACTIVIDADES	ESTÁNDAR 1	ESTÁNDAR 2	ESTÁNDAR 3
Buscar información, tomar de notas e elaborar propostas.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.	Elabora esquemas a partir de textos expositivos.
Seleccionar, por equipos, as investigacións que van desenvolver.	Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestado a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo	Interpreta a información e fai un resumo da mesma.
Elaborar o informe.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigación formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigación.	Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico.
Deseñar un vídeo.	Organiza e planifica o discurso axeitándose á situación de comunicación e aos diferentes modos discursivos (narrar, describir, informarse e dialogar) empregando os recursos lingüísticos pertinentes.	Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse na interacción orais.	Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual e colectiva.
Publicar unha entrada no blog.	Usa con eficacia Internet e as TIC para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.	Manexa de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc)	

DOCUMENTACIÓN ELABORADA

Para o profesorado:

- Textos para lectura e traballo nas aulas
- Selección de obras de pintura e debuxo relacionadas co proxecto
- Formularios de avaliación para mestres
- Selección de libros
- Selección de recursos web

Para o alumnado:

- Libro LIM “O solo”, para 4º, 5º e 6º de Primaria
- Libro LIM “A horta”, para 1º, 2º e 3º de Primaria
- Cartas da mascota da biblioteca
- Fichas para recollida de información
- Fichas de traballo sobre “As fabas máxicas”
- Guía “Como facer un informe científico”
- Guía “Como resumir un texto”

[Ligazón aos documentos](#)

RELACIÓN DE TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO

A meirande parte das actividades foron realizadas en equipos cooperativos, potenciando a interacción, intercambio de ideas e toma de decisións.

Dende o equipo TIC creouse un blog-portfolio onde todas as aulas foron poñendo o seu proceso de traballo e aprendizaxe, de 3º de Primaria en diante foi o alumnado quen redactou a maioría das entradas. Nos cursos dos máis novos, en gran grupo ou a mestra.



Realizaron busca e selección da información, toma de notas nas charlas e saídas, con diferentes metodoloxías segundo o nivel.

FICHA DE TRABAJO	
Notas (palabras clave)	Frase resumen
(1) 3000 a.C. neolítico, 1000 a.C. Cereales, metales.	Despois do neolítico, chegaron os metais (sebre o ano 3000 a.C. bronce e 1000 a.C. ferro). Aínda así, os ferreiros foron máis eficientes e os cereais foron mellor na agricultura.
(2) 180 a.C. Tratado de pesca, Heliópolis.	En 180 a.C. os gregos fixeron o primeiro tratado de pesca en Heliópolis.
(3) Romanos, agricultura, regadío, cereais, olivo.	Os romanos foron os primeiros en usar técnicas da agricultura. Os seguintes cultivos son os principais: berberecho, regadío, cereais (trigo), olivo e vid.

FICHA DE TRABAJO	
Notas (palabras clave)	Frase resumen
(1) Edad Media, Cereales, Agricultura tradicional.	La agricultura tradicional no sufiría modificaciones durante la Edad Media, los cultivos eran cereales y legumbres.
(2) Siglo IX, Rendimiento agrícola.	A partir del siglo IX mejoró el rendimiento agrícola.
(3) Siglo XI, Molino de agua.	El molino de mano fue sustituido por el molino de agua.
(4) 700-1250 d.C.	La Cultura musulmana es innovadora y gran agricultora. Algunos de los cultivos transportados fueron: arroz, mango, caña de azúcar, etc.
1300, Agricultura, Lúculos.	Las ciudades medievales se especializan en productos hortícolas y lúculos.
1300-1400 d.C.	Las ciudades experimentaron un alto crecimiento gracias a los avances en agricultura, los apóstoles agrícolas y comercio son cada vez más importantes.

OXIRASOL

- O xirasol ten pipas.
- Os pétalos coen coa da plantas.
- Qroce moito.
- Qando lle da o sol as follas alimento das follas.
- O xirasol ten Petalo Ombel.
- Planta bastante alta, só dura 1 an.
- Fruto é a pipa.
- Gústalle moito o sol.
- É negro por dentro, as follas son a las e o talo verde.
- Quitamos aceite.
- Pola noite miran ao chan.
- Son + aos animais.



Producións realizadas ao longo do proxecto:

- Entrevista nas casas sobre usos e costumes nas hortas familiares.
- Carteis con instrucións (para a compostaxe e para facer sementeiros)
- Presentacións dixitais e exposición oral
- Vídeos explicativos e vídeos de imaxes
- Fichas de plantas
- Táboas de datos
- Gráficos
- Debuxos
- Esquemas
- Libros informativos
- Murais expositivos
- Informes de experimentos
- Liña do tempo da agricultura
- Maquetas da evolución da agricultura na historia
- Contos
- Podcast
- Receitas de cociña (ensalada e pan de millo)
- Artigos para a revista
- Producións plásticas: disfraces, cadros, portas decoradas, ventás decoradas...


Produtos finais:

- Revista escolar monográfica
- Exposición para as familias e visita guiada

A partir das tarefas planificadas vimos como o proxecto xeneraba novos intereses que conectaban con moitos contidos do currículo, como a meteoroloxía, a historia ou as actividades económicas.

Do mesmo xeito, os contos lidos nas aulas ou na biblioteca deron lugar a outros traballos.





SEMENTEIRA

- Remover terra para oxixenar a semente.
- X untamos terra e abono.
- Facer buratos na maceta.
- Botar pouco abono.
- Botar pouca auga.
- Cada catro días regar a planta do tomate.
- Poner a planta nun lugar bastante quente.
- Regar cando a terra se agrete.
- Se transplanta a planta en primavera.
- A leituga xermina en calquera época do ano.
- As sementes teñen que estar secas.

OS CROCODILOS

Nome do equipo: **THE GAMERS** Membros do equipo: **Esther, Jos, Xela.**

TÍTULO DO EXPERIMENTO

Plantas que sucan

MATERIAIS QUE PRECISAMOS

Unha bolsa, Planta en maceta, auga, xarop, goma elástica,

PASOS

1. Pego a planta bastante.
2. Cubre a planta e a maceta coa bolsa. coloca a goma ao redor da maceta, para succion a bolsa e evitar que se escape o aire.

OBSERVACIÓNS e CONCLUSIÓN

A humidade do interior da bolsa provén da auga que a planta extrae da terra e expulsa polas follas en forma de vapor de auga. Despois convértese en auga e queda dentro da bolsa.



Ao mesmo tempo diariamente realizaron a atención aos sementeiros, ao composteiro e posteriormente á horta, regando e solucionando problemas que xurdían. Nesta actividade, a observación, elaboración de hipóteses e necesidade de consulta, enriquecían e favorecían enormemente o proceso de aprendizaxe.



RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

- Os recursos materiais foron os habituais da escola máis algunhas ferramentas e utensilios básicos para a horta e un composteiro.
- Os libros utilizados están recollidos nun [taboleiro de Pinterest](#), o que nos guiou nos procedementos dunha horta ecolóxica foi “A horta sen químicos” de Xan Pouliquen, Ed. Baía.
- Os recursos web figuran nun [taboleiro de Symbaloo](#).
- Outras fontes consultadas están na páxina 58 da [revista](#).
- A saída ao CIFP A Granxa, onde desenvolven un ciclo de agricultura ecolóxica.
- A charla dunha nai sobre como facer sementeiros.
- A saída ao xardín botánico da Fundación Sales en Vigo.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Comezamos solicitando información sobre os costumes familiares en relación coa horta. Na información que o alumnado recolleu vimos que principalmente son os avós quen se encarga das hortas, en menor medida os pais e nais e eran poucos os nenos e nenas que dicían colaborar nelas. Pero a medida que avanzaba o proxecto foron moitos os que se interesaron na casa por axudar. Logo veu a recollida de froitos para extraer sementes e as familias volcáronse na colaboración. Unha nai ofreceuse para participar, así que organizamos dúas sesións con ela na hora de sementar. Outras familias achegaron información de interese, como a receita do pan de millo ou a influencia das lúas, e plantas que non tiñamos. No último día de curso asistiron moitas familias á visita guiada escoitando ao alumnado e compartindo connosco a xornada.

A ANPA sorprendeunos coa preparación dun almuerzo saudable para rematar a xornada de fin de curso.

O Concello de Salvaterra de Miño colaborou aportándonos o composteiro, dúas árbores para o patio polo Día da árbore, como é costume, e asumindo os gastos do almuerzo que preparou a ANPA.

Todo o profesorado participou nalgún momento neste proxecto, ben traballando co alumnado ou apoiando ás titorías no desenvolvemento das actividades. Coa mestra de música prepararon unha canción. Tamén colaborou moito a coidadora dun alumno de 1º e a encargada da limpeza regando ás veces cando non estábamos. A dirección do centro asumiu os gastos de materiais e ferramentas e organizou as viaxes das saídas planificadas.



DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

A difusión dos traballos realizouse a través do blog [Quen sementa recolle](#) onde se foi publicando durante o curso e tamén do Facebook e [blog da Biblioteca Escolar](#). Os vídeos a través da nosa canle en Youtube.

No mes de xuño repartimos a nosa revista escolar como cada ano, pero esta vez foi un número adicado íntegramente ao proxecto, que ademais das familias tamén fixemos chegar tres exemplares á Biblioteca Municipal.

Na exposición de fin de curso o alumnado preparouse para explicar a súa información aos visitantes, distribuíndose polos distintos puntos dos corredores no interior e nas hortas. Dous alumnos encargáronse da recepción entregando un folleto para orientar a visita. Foi unha experiencia que agradou a todos.

AVALIACIÓN REALIZADA

O profesorado avaliou trimestralmente o desenvolvemento do proceso nunha escala de valoración. Finalmente valorou o grao de consecución dos obxectivos xerais plantexados ao principio.

Proxecto "Quen sementa recolle". Avaliación do 3º trimestre				
	Moito	Bastante	Medio	Baixo
Interese e motivación do alumnado	7	2	0	0
Relación co currículo	6	3	0	0
Desenvolvemento de competencias	6	3	0	0
Temporalización axeitada	5	4	0	0
Funcionamento adecuado dos equipos	2	5	1	0
Implicación do alumnado na realización das tarefas propostas	9	0	0	0
Calidade das producións	5	4	0	0
Uso das TIC	1	7	1	0
Xeración de novas preguntas e intereses	4	4	1	0
Dificultades que xurdiron				
Dificultades cos equipos informáticos (1)				
Propostas de mellora				
Repetir a experiencia da exposición final (1)				

PROXECTO Quen sementa recolle

CEIP DE LEIRADO 2016/17

En que medida cres que o proxecto acadou os obxectivos propostos:

	<u>Moito</u>	<u>Bastante</u>	<u>Pouco</u>	<u>Nada</u>
Fomentar o respecto <u>pola</u> <u>terra</u> e o solo, como <u>fonte</u> de vida e sustento da <u>no</u> sa alimentación.	8	2	0	0
<u>Coñecer</u> a cultura agrícola tradicional da zona.	6	4	0	0
Desenvolver <u>responsabilidade</u> no uso de técnicas de agricultura sustentable, respetuosas <u>co</u> medio.	7	3	0	0
<u>Coñecer</u> e analizar o medio natural: solo e seres vivos que o habitan.	7	2	1	0
<u>Coñecer</u> o ciclo vital das plantas.	8	2	0	0
Ampliar os <u>coñecementos</u> sobre <u>as</u> distintas clases de plantas e <u>froitos</u> .	7	3	0	0
Iniciarse no método científico a través da investigación e experimentación.	5	5	0	0
Fomentar hábitos de alimentación <u>saudables</u> .	6	3	1	0
Desenvolver espírito de compromiso e cooperación.	7	2	1	0

O alumnado foi avaliado con todos ou algúns destes procedementos:

- Observación directa na realización das actividades
- As súas producións, individuais e de equipo, en relación coas instrucións dadas.
- A consecución dos estándares seleccionados previamente.
- Valoración do funcionamento en cada equipo.

Valoraremos (coavaliación con listaxe de cotexo)	si	non
1. <u>Cumprir</u> os pasos indicados		
2. Ideas expresadas con claridade e sentido		
3. Información completa		
4. Palabras ben escritas		
5. Uso de puntos e parágrafos		
6. Uso de maiúsculas		
7. Deixar marxes		

+	A	B	C	D	-
1. Busca de información, toma de notas e elaboración de resúmenes.	Identifica as palabras clave e resume os parágrafos con oracións sinxelas e claras.	Identifica as palabras clave e resume os parágrafos con algunhas axudas do equipo.	Identifica algunhas das palabras clave e resume con axuda do equipo.	Identifica as palabras clave con axuda e resume con intervención da mestra.	
2. Cartel	Describe as instrucións con claridade e propón ideas novas.	Describe as instrucións con claridade.	Describe as instrucións con algunha axuda do equipo.	Describe as instrucións con axuda da mestra.	
3. A compra	Busca os datos, elabora a selección de produtos e realiza os cálculos precisos, tendo en conta as instrucións dadas.	Busca os datos, elabora a selección de produtos con axuda do equipo e realiza os cálculos precisos.	Busca os datos, elabora a selección de produtos e realiza os cálculos con axuda do equipo.	Busca os datos, elabora a selección de produtos e realiza os cálculos con axuda da mestra.	
4. Presentación dixital	Elabora e revisa a súa diapositiva autónomamente.	Elabora a súa diapositiva e revisa con axuda do equipo.	Elabora a súa diapositiva con axuda do equipo e corrección da mestra.	Elabora a súa diapositiva con axuda da mestra.	
5. Exposición oral	Expresa as ideas claramente e con ton de voz axeitado.	Expresa bastantes ideas claramente e con ton de voz axeitado.	Expresa algunhas ideas claramente e con ton de voz axeitado.	Expresa poucas ideas claramente e con ton de voz axeitado.	
6. Entrada ríxida	Redacta autónomamente e revisa	Redacta autónomamente e revisa	Redacta autónomamente e revisa	Redacta autónomamente e revisa	

	A	B	C	D
PARTICIPAMOS	<u>Sempre</u> participamos todos por igual	Participamos todos pero a veces <u>algúns</u> facemos máis cousas que outros	Moitas veces <u>queremos</u> acabar e non deixamos que <u>alguén</u> participe	<u>Hai alguén</u> que case nunca participa
AXUDAMOS	<u>Sempre</u> intentamos axudar para que todo o equipo aprenda	<u>Sempre</u> intentamos axudar pero a veces nos <u>esquecemos</u>	Bastantes veces nos <u>despistamos</u> e non <u>axudamos</u>	<u>Hai algunha persoa</u> que non axuda
EXERCEMOS OS CARGOS	Todos <u>exercemos</u> o cargo que nos <u>corresponde</u>	Todos <u>exercemos</u> o noso cargo pero a veces algún nos <u>esquecemos</u>	Moitas veces non <u>lembramos</u> exercer o <u>nos</u> cargo.	<u>Hai persoas</u> que non <u>exercen</u> o seu cargo
ESCOITAMOS AOS DEMAIS	Todos <u>escoitamos</u> aos demais con atención	Todos <u>escoitamos</u> aos demais pero a veces non <u>atendemos</u> ben	Non sempre <u>escoitamos</u> aos demais	<u>Hai algunha persoa</u> que nunca <u>escoita</u>
RAZOAMOSE CHEGAMOS A ACORDOS	Explicamos todos a <u>nos</u> opinión e logo <u>chegamos</u> a un <u>acordo</u>	Explicamos a <u>nos</u> opinión pero <u>as</u> veces <u>cuántos</u> <u>chegamos</u> a un <u>acordo</u>	Non todos explicamos a <u>nos</u> opinión e <u>algúns</u> <u>podemos</u> problemas para <u>chegar</u> a <u>acordos</u>	A <u>maioría</u> de <u>nós</u> non se explica <u>nin</u> pon interese en <u>chegar</u> a <u>acordos</u>

	A	B	C	D
1. Título	O título é orixinal e non se copiou dalgunha das fontes de información traballadas.	O título se parece a outro título das fontes de información.	O título é copia dalgunha fonte de información.	O texto non ten título
2. Organización	Escrebe resumindo de forma clara e ordenada o contido dos textos empregados, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto utilizado e empregando unha expresión persoal.	Escrebe resumindo de forma clara e ordenada o contido dos textos empregados, recollendo algunhas das ideas principais e parafraseando só algunhas veces o texto utilizado.	Escrebe resumindo de forma clara e ordenada o contido dos textos empregados, recollendo algunhas das ideas principais e parafraseando algunhas veces o texto empregado.	Non escribe resumindo de forma clara e ordenada o contido dos textos empregados.
3. Revisión	Revisa e reescribe o texto cando é preciso aplicando a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico e morfosintaxe.	Revisa e reescribe o texto cando é preciso aplicando a norma lingüística: ortografía, léxico e morfosintaxe. Case sempre a acentuación.	Revisa e reescribe o texto cando é preciso	Revisa o texto con axuda.
4. Puntuación	Emprega con corrección os signos de puntuación.	Emprega con bastante corrección os signos de puntuación.	Emprega con axuda signos de puntuación	Non emprega signos de puntuación.
5. Imaxes	Agrega imaxes relacionadas coas ideas principais do texto e mencionadas a autoría da mesma.	Agrega imaxes parcialmente relacionadas coas ideas principais do texto	Agrega imaxes sen mencionar a autoría da mesma.	Agrega imaxes con axuda.

FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A Biblioteca aportou os seus fondos, documentos elaborados expresamente para o proxecto, a selección de recursos en liña, os seus espazos para traballar e o equipamento informático. Dende o equipo de Biblioteca coordinouse o proxecto e colaborouse cos demais equipos no seu desenvolvemento.